



## FOLLA DE INFORMACIÓN PARA OS PARTICIPANTES NO ESTUDO DE INVESTIGACIÓN CON EDADES ENTRE OS 12 E 18 ANOS

TITULO “ENFOQUE INTEGRAL E TRANSLACIONAL DO DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO DOS TRASTORNOS DO NEURODESENVOLVEMENTO (TEA, TDAH, DI) E DO TOC: UNHA APROXIMACIÓN XENÉTICA E FUNCIONAL”.

INVESTIGADOR: ANGEL CARRACEDO ÁLVAREZ.  
CENTRO: FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA

O meu nome é ..... (indicar nome da persoa que informa) e colaboro cun grupo de investigación da **Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica**.

Na Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, ademais de diagnosticar a persoas con trastornos como o teu, tamén realizamos investigación biomédica, e tentamos saber máis cousas sobre as enfermidades para axudar a persoas que teñen algunha delas.

Para investigar necesitamos recoller datos e mostras biolóxicas de xente coma ti, para que os científicos, o analicen todo para ver si descubren algo que lles permita coñecer mellor as enfermidades e poder mellorar o seu diagnóstico e/ou tratamento.

Todo o que faremos será sempre cumprindo todas as leis que nos din o que podemos ou non facer.

Si decides participar neste proxecto sobre Trastornos do neurodesenvolvemento e Trastorno Obsesivo Compulsivo, precisamos que nos deixes usar un pouco de sangue ou fluídos para facer unas análises e cando rematemos, o que nos sobre o gardaremos durante moito tempo no noso centro. Posteriormente poderían ser enviadas ao Biobanco do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, que é un sitio no que se gardan mostras moi valiosas para que as poidan usar mais investigadores

A mostra poñerémolle un código de xeito que os teus datos persoais (nome, apelidos, data de nacemento,...) non se poidan coñecer salvo que entres nun arquivo especial moi seguro. Tampouco lle diremos a outras persoas que estás participando nestas investigacións, será un segredo.

Ademais, podemos necesitar acceder a algunhas probas que xa che fixeron anteriormente, e si inda nos chas fixeron, faríamolas nos. Estas probas consisten en que ti e/ou teus pais respondan unha serie de cuestións ou nalgúns casos observarte mentres estás dentro dunha máquina resolvendo unas tarefas.

A túa participación é totalmente voluntaria, así que si non queres participar non pasa nada e ninguén se enfadará contigo. Ou si agora dis que si e despois queres cambiar de opinión, tamén podes deixalo.

Si queres, cando rematemos o estudo, podemos darche un resumo dos resultados. E cando cumpras 18 anos, si queres saber que pasou coas túas mostras e datos, podes contactar connosco. Na folia que lle entregamos aos teus pais (ou titores legais) se vos di como nos podedes preguntar.

Si decides participar nesta investigación e firmar esta folia, eu a gardarei xunto co resto de información que teño sobre ti e xunto coa autorización que nos dean os teus pais para que participes.

**Moitas grazas pola túa colaboración.**



## ASENTIMENTO INFORMADO DO PARTICIPANTE MENOR DE IDADE

DATA: .....

Eu, .....

....., con..... anos de idade,

*(se se dispón de etiqueta identificativa, colocala aquí)*

- Entendo todo o que lin ou me leron da Folla de Información.
- Respondéronme a todas as dúbidas que tiña.
- Sei que podo dicir que non quero participar neste estudo e que non pasa nada.
- Sei que agora ou despois podo preguntar ós responsables do proxecto calquera dúbida.
- Sei que máis adiante, se xa non quero seguir participando nisto, podo dicilo e non me rifarán por elo.

**Quero participar na investigación descrita.**

**Sinatura do participante menor de idade**

**Identidade do participante: .....**

**Sinatura da persoa que informa**

**Identidade da persoa que informa: .....**

- |  |           |            |
|--|-----------|------------|
| • O menor entendeu todo o que lle expliquei:         | <b>Si</b> | <b>Non</b> |
| • ¿Os pais/titores asinan o consentimento informado? | <b>Si</b> | <b>Non</b> |